

Experiencias de Aprendizaxe e Servicio

Educación Matemática II
2º curso do Grao en Educación Primaria
M^a Cristina Naya Riveiro, M^a Elena Segade Pampín e
Enrique de la Torre Fernández

Presentación da experiencia

DESEÑO, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DE TALLERES SOBRE O COÑECEMENTO E O MANEXO DE MATERIAIS MANIPULATIVOS PARA TRABALLAR CONTIDOS DE ESTATÍSTICA PARA NENOS E NENAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Xurdiu coma unha demanda do profesorado titor do 6º curso de Educación Primaria do CEIP Galán, para potenciar o uso de materiais nesta etapa educativa, e en particular na área da Estatística.

Descrición da experiencia

- ▶ Realizáronse dúas propostas en formato de taller para traballar contidos de estatística a través de materiais manipulativos.
- ▶ Cada neno ou nena tiña un alumno/a universitario/a como orientador de referencia para guialo no desenrolo das actividades e axudarlle no manexo do material.
- ▶ Axudamos ao noso alumnado, estudantes en formación a introducirse e coñecer o contexto real do mundo educativo.
- ▶ A participación do noso alumnado formulouse como proposta de traballo en equipo e formando parte da avaliación.

Obxectivos

- ▶ Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
- ▶ Aprender a deseñar, desenvolver e avaliar pequenos talleres educativos en contextos escolares.
- ▶ Coñecer a proposta teórica e práctica da Estatística para nenos e nenas de Educación Primaria a través de materiais.
- ▶ Fomentar a cooperación entre institucións socioeducativas.
- ▶ Mellorar as habilidades de razoamento matemático.
- ▶ Fomentar o uso de materiais manipulativos nas aula de Educación Primaria.
- ▶ Colaborar e axudar na formación docente e na adquisición de competencias matemáticas.

Participantes

- ▶ 124 estudantes matriculados na materia Educación Matemática II.
- ▶ 63 alumnos de 6º curso de Educación Primaria.
- ▶ 3 docentes do centro educativo.
- ▶ a dirección do centro educativo.
- ▶ 3 docentes da UDC.

Resultados de aprendizaxe

- ▶ Potenciar e desenvolver coñecementos de conceptos matemáticos básicos, en particular da Estatística.
- ▶ Coñecer e analizar o currículo escolar de matemáticas na Educación Primaria, en particular do bloque de Estatística da LOMCE.
- ▶ Coa finalidade de que os estudantes experimenten a utilidade das matemáticas na vida cotiá, resolveron problemas matemáticos e non propiamente matemáticos nun contexto real de aula.
- ▶ Avaliar e analizar a ensinanza e o aprendizaxe das matemáticas na etapa de Educación Primaria utilizando recursos e materiais didácticos.